

*Xesús Lantes Vitureira*

## Introducción

Nestes relatos Cunqueiro preséntanos un museo social, xentes de aquí, de acolá e máis alá. Todos eles xente moi de nós. Epos do rural. Puzzle social. Cromatismo humano.

Cunqueiro representa o fantástico ecuménico, fantástico psicolóxico, penetración no normal / no rural que permite a percepción de dimensións ocultas. Do real pásase ó irreal dun xeito imperceptible, sixilosamente. Desrealízase o real e realízase o irreal. Asenta as historias en ambientes contemporáneos (pasado recente), ubicación coetánea e corrente. *Hábitat* moi de noso. Accións comúns á experiencia posible do lector (galego). Coa propia experiencia Cunqueiro escenifica a dos seus personaxes. Utiliza o sistema figurativo do realismo psicolóxico con tódalas marcas que connotan e denotan inmediatez, contigüidade e continuidade entre o texto e o extratexto. Deslocación que permite atisbar os poderes ocultos, entrever o reverso da realidade.

Caracterización case costumista, empeño no típico, coloquialismo no que se sitúan social e xeograficamente os actores, esa introspección que remite á intimidade persoal do destinatario do conto.

Os personaxes son os nosos semellantes, veciños do “pé da porta”. Acción e actúantes habituais suxiren un acontecer posible que lle pode ocorrer a calquera, acaecer corrente que escorre cara ó fantástico. Pasaxe do psicolóxico ó parapsicolóxico. O que comeza como turbación, perturbación da conciencia, convértese en mostración, deíxe ou advenimento de potencias soterradas que rompen a codia do costume.

Persegue o desarranxo para sacar ó lector da normalidade (deslocación).

Costumismo, parapsicoloxía, psicoloxía para desvelar o velado. A codificación do real é a mellor mediación do fantástico. Defínese realista. Pero o fantástico é axente de renovación. Así, a arte (a literatura) apártase do sistema de normas consuetudinarias, reclúese das normas da razón empírica.

---

1. Este traballo baséase nos tres libros de relatos (breves) de Cunqueiro: *Escola de Menciñeiros, Xente de aquí e de acolá e Os outros feirantes*. As citas fanse pola edición seguinte: A. Cunqueiro, *Obra en galego completa*, III, Galaxia, Vigo, 1983.

Se o urbano é símbolo do progreso, de vangardismo, a aldea (o rural) é símbolo de tradición, do pasado. Cunqueiro decídese polo segundo, pola cultura rural, máis estable, conservadora, singular cá homoxeneizadora civilización urbana. A pureza telúrica, a identificación mitolóxica coa natureza interesa á literatura, non por iso é mellor ou peor, só diferente. Ruralización e urbanización son áreas do “cultural” que importan por igual á Arte<sup>2</sup>.

## Caracterización dos personaxes

Na estruturación do relato interveñen o “punto de vista”, o espacio, o tempo e os personaxes. Escolas, movementos... dan máis importancia a uns cá outros, segundo as propias conviccións. Personaxes, protagonistas, heroes, actantes, actuantes (...) están sempre presentes como un dos catro elementos configuradores de todo texto narrativo.

Seguiremos na caracterización descritiva dos personaxes cunqueiranos a A.López Casanova e E.Alonso<sup>3</sup>.

### a) O nome

Primeiramente queremos resaltar que a maioría dos personaxes destes contos veñen designados polo nome propio seguido do da aldea, lugar ou parroquia na que viven. Esta caracterización toponímica, tal como é costume nas nosas aldeas e pobos, sucede maioritariamente no título do conto.

Anxeliña de Prado quedara enaniña. Era mui redonda de cara, mui graciosa sorrindo, tiña os ollos azues e toda ela era mui ben feita, e mui aída de peitos pra súa talla. (“Anxeliña de Prado”, *O.F.*, p.405).

Xosé Onega Viador, coñecido por Cerdeira do Marco, pasouse toda a vida co devezado de ter un loro falador. Cerdeira era un home pequeno, esmirriado, friolento, metido debaixo dun sombreiro mouro, de aza ancha. Casara cunha das herdeiras de Sirmunde, a señora Euxenia, alta, afeitugada, branca. (“Cerdeira do Marco”, *X. de A. e A.*, p.249)

A xeito de síntese indicamos algúns títulos destes contos: “Perrón de Braña” (*E.M.*), “Xil da Ribeira” (*E. M.*), “O Licho de Vilamor” (*E.M.*), “Loureiro de Pacios” (*E.M.*), “Mel de Vincios” (*X. A. e A.*), “Leiras de Parada” (*X. A. e A.*), “Braulio de Regadas” (*X. A. e A.*), “Herdeiro de Vintes” (*X. A. e A.*), “Lamego de Mouriz” (*O. F.*), “Hermelina da Ponte” (*O. F.*), “Fuco de Pedrosa” (*O. F.*).

A selección onomástica que fai Cunqueiro nestes relatos escápase do cotián, poucos son os *Manuel, Xosé, Xesús, María*, etc. Hai que ter presente que a maioría

---

2. Moitas das ideas desta introducción están extraídas de: Saúl Yurkievich, *A través de la trama*, Barcelona: Muchnik Editores, 1984.

3. López Casanova, A. e Alonso, E., *Poesía y Novela*, Valencia: Ed. Bello, 1982.

dos nosos protagonistas son designados polo apelido ou alcume como é tradicional no mundo galego: *Louro de Parentes, Herdeiro de Vintes, Leiras de Parada, Seixo de Parderrubias (...)*

A onomástica dos nosos protagonistas ofrece unha gran riqueza: *Matías, Pedro, Braulio, Manuel, Sabelo, Felipe, Secundino, Xosé, Remedios, Amadeo, Fulxencio, Hermelina, Felpeto, Rosa, Ramiro, Fuco, Félix, Aurelio, Manuel, Braulio e Xosé.*

A nominación nunca vai precedida de calificacións como “don”, “señor”, “tía” (agás *o señor Cordal e a tía Remedios*) o que nos indica a familiaridade con que Cunqueiro trata ós seus personaxes.

Xeralmente o nome, alcume, defecto físico (...) vai complementado por un “de + sustantivo”, frecuentemente topónimo: *o coxo de Entrebo, Liñas de Eirís*<sup>4</sup>.

#### b) Atributos físicos e morais

A caracterización é directa como corresponde ó relato tradicional. É o propio narrador o que nos describe os personaxes:

Adulfo era lento e metódico no vareo, e traguía, coído eu que da súa minerva, monótonas tonadas coas que se acompañaba continuo. Era longo, fraque, mouro, miope, surtido cunha longa narís e grandes brazos, e todo il osudo e nudoso, sob unha pel escura e pilosa. Falaba pouco e rouco, e nós ríamonos do seu falar, “autro” por “outro”, “camín” por “camiño”, “sógera” por “sogra”, e de que ás sambesugas lles chamase “zugabellas”. (“Loureiro de Pacios”, *E.M.*, p.144).

A descrición pode apuntar a varios trazos: físico, roupa, costume, profesión... Vexamos os trazos físicos no home:

O Vilarego é de mediana estatura, roibo e colorado, i os ollos azúes. (“Vilarego de Rubal”, *E. M.*, p.125).

Os Liñas todos son altos, garridos, louros, os ollos craros. (“Liñas de Eirís”, *X. A e A*, p. 164).

Era un home mui alto, mui fraque, de ollos mui craros e sempre con olleiras mouras, mui sucados. Sober da frente cañalle uns brizos brancos. (“Lamas Vello”, *E. M.*, p. 71).

Era un home alto, pelo branco, osudo, sempre mal afeitado, as mans longas e afiadas. (“Piñeiro e as fontes”, *O. F.*, p. 345).

---

4. A ausencia de redución hipocorística e tamén a escasez de referencias ós defectos físicos, morais e profesionais na onomástica dos nosos protagonistas non impide que Cunqueiro bote man delas cando nolos describe.

Freire era pequeno, carirredondo e mui colorado, e tiña o pelo roxo. (“Freire de Rego”, *O. F.*, p. 342).

Os Areeiro son xente xermánica, loura, os ollos celestes, altos. (“Areeiro de Pordade”, *X. A. e A.*, p. 264).

Leiras era mui pequeno, roxo de pelo, un ollo medio chisco. (“Leiras do Marco”, *X. A. e A.*, p. 232).

Era pequeno, delgado, mui medrado de orellas, algo chisco do ollo esquerdo e lucían na dianteira da súa boca catro dentes de ouro. (“Paulino de Botas”, *O. F.*, p. 411).

Fuco era pequeno, forte, os ollos mouros, e cuidaba muito un bigote que tiña, entrecano, que o deixara en Buenos Aires cando andaba de amores cunha asturiana. (“Fuco de Pedrosa”, *O. F.*, p. 371).

O xastre era pequeno e barrigudo, e cubríase cun gorro colorado. (“O segredo don José”, *X. A. e A.*, p. 188).

Felipe era, e é, alto, fraque, bigotudo, pálido. Hai moito pálido por alá, medio morenos, ás veces axitanados. (“A chaqueta do mouro”, *X. A. e A.*, p. 195).

A muller un mes despois, e por consello dun veciño, Gumersinda foi visitar á taberneira de Castro, que era unha muller mui leda, mui branca, carnal, risoña, amiga do anís, moi louzá nos seus corenta anos cumpridos.... (“Figueiras de Bouzal”, *X. A. e A.*, p. 185).

Era unha muller miúda, mui morena, falando un mui gracioso brasileiro, e por disposición testamentaria da condesa, obrigada o resto da súa vida a vestir de batista rosada con adorno de encaixes negros. Recollía o pelo nun grande moño... (“A tía Remedios”, *O. F.*, p. 327).

Un día unha veciña, viúda dun garda forestal, coruñesa ela, mui branca de pel e aínda de bon ver... (“A orella dereita de Antón de Leivas”, *O. F.*, p. 351).

Aos vinte anos era, en verdade, unha fermosa muller, alta tirando a gorda, co peito moi solto e os beizos mui pintados. (“Hermelina da Ponte”, *O. F.*, p. 360).

Pouco despois Fuco conoeceu a unha de Monforte, chamada Benita, mui suave e calma, mui doce, mui branca, mui agarimosa e casou con ela. (“Fuco de Pedrosa”, *O. f.*, p. 372).

Creo que os exemplos son de por si ilustrativos e non é necesario reproducir máis. Podemos concluír que Cunqueiro coñece moi ben ó home galego, por iso non nos estraña que aparezan loiros, roxos e morenos, altos e pequenos, gordos e fracos. Esa é a realidade. Cunqueiro só fai plasmar no papel o que doadamente se pode observar polo país adiante.

En canto á muller, a cousa é lixeiramente diferente. En primeiro lugar porque a súa aparición nos relatos é moi inferior á do home. Por outra banda Cunqueiro dáunos un tipo de muller desde un punto de vista físico e moral (supoñemos que eses serían os seus gustos e preferencias) moi diferente do que se exhibe na actualidade como “exemplar” ou “modelo”. A muller descrita por Cunqueiro é branca, peitugona, xeralmente gordiña e moi ben dotada moralmente: alegre, suave, agarimosa.

c) outros rasgos (deformación física, vestido, costumes, profesión, idade, orixe, fala...)

Coido que somentes vin a Borrallo de Lagoa sin zamorra unha vez polo San Bartolomé (...). Por aquí créese que os albinos ven millor que naide, na noite, os cartos perdidos nos camiños (...). Borrallo era pequeno e fraque. (“Borrallo de Lagoa”, *E. M.*, p. 63).

Sentado parecía un xigante, pro púñase de pé i aquel peito poderoso e rotundo descansaba en dúas perniñas chambelas e curtas (...). De falador e amistante que era, e discutidor, político contra Pepe Benito, fíxose isolado áspero, e calado triste. (“O Coxo de Entrebo”, *E. M.*, p. 76).

Xa era Pontes un home maduro. Dende os dezasete anos fumaba en cachimba e gastaba sombreiro. Alto, fraque, moreno, sempre acatarrado, envolvía nunha bufanda a franxas verdes e roxas o longo pescozo, no que lle xurdía unha grande noz, afiada e pilosa, sempre inqueda. (“Pontes de Meirado”, *X. A. e A.*, p. 158).

Os Liñas todos son altos, garridos, louros, os ollos craros. Hai moito sangue suevo por acolá. O señor Ramón era cazador, e albeitar aficioado, mui dado a recetar sinapismos e coñac tres cepas. (“Liñas de Eirís”, *X. A. e A.*, p. 164).

Acusárono de que fora él quen lle dera morte a un tratante que chamaban Gareto, que era un cativo picado das vexigas, sempre cabreado e berrando en castelán. (“Polido de Sabuceira”, *X. A. e A.*, p. 179).

Era un homiño calado, mui fumador e tateo. Nunca estaba conforme cos precios, e resistíasele o eme de mesmas. (“Soleiro en figura de corvo”, *X. A. e A.*, p. 201).

Ferrín (sic) de Buriz foi mui amigo de meu, Deus o teña na gloria. Era cazador e pescador, e sabía de herbas medicinais. Era un tipo dado a sorrir, cordial, e mui amigo de facer favores. Gran andador, sabíase as serras, a Corda e máis o Cadramón. (“Os diálogos de Ferrín”, *X. A. e A.*, p.240).

Bertoldo era pequeno e gordo, e tiña coma o rei de Escocia que ven en Villon, bermella media cara. (“Manuel Regueira”, *X. A. e A.*, p. 277).

Bertoldo era entón mozo, alto, garrido, boina pequena na cachola pra que se lle visen os rizos, craros ollos ledos, narigudo e pálida a color. (“Bertoldo de Reades”, *X. A. e A.*, p. 285).

Era de mediana estatura, calvo, narigudo. Tiña os ollos celestes dos mirandeses máis naturais, que tanto lucen nas mozas de alá. Vestía sempre de pana negra, o que non lle gustaba nada a un parente meu de Vilaverde. (“Neira de Pardomonte”, *X. A. e A.*, p. 295).

Non me lembro si esta Rosa Martiño era de Betanzos ou de Noia. Diante da casa onde nacera e vivía cos seus pais, había unha relojería (...). Era entón unha mocíña roiba, espigada, mui lucida de pernas, e sempre sorrindo (...). Xa era entón toda unha moza, arroibada, metida en carnes, e seguía sorrindo, e namentres traballaba, tatareaba cantigas galegas. (“Rosa Martiño”, *O. F.*, p. 365).

Todos estes trazos, que non queremos tratar polo miúdo, fan uns personaxes simpáticos, curiosos, naturais, sinxelos, imaxinativos, moi nosos, como as propias palabras de Cunqueiro, en carta dirixida ó Doutor García Sabell, evidencian:

Porque eu terqueo que istes son retratos de xentes que son da nosa tribu, e que non poderían ser de outra calisquer. Querse decir que hai neles, -é a miña opinión-, unha onza en cadaquén do ser galego, e repartido entre toda ista xentiña está cáseque todo o andamiaxe do galego, están as súas varas de medir o mundo, as voltas do seu maxín, as reviravoltas dos seus soños e devezos, a súa calidade intelectual, o gusto da solpresa, a ironía que fai dun home, nun intre dado, un señor rei, e a humildade, e a sabrosura de preguiza, o adocer do que non hai, e o tesouro inatopable (...)<sup>5</sup>

Estes personaxes preséntansenos nunha triple interrelación histórico-social-etnográfica, por un narrador xeralmente omnisciente e desde o exterior.

## Estilo

Se Cunqueiro é un escritor ben orixinal no aspecto creativo por saber conxugar magnificamente o “real” co “imaxinativo”, non o é menos no estilo. Na caracterización dos personaxes utiliza como norma e recurso a enumeración continuada de características psíquicas e físicas principalmente. Predominando o adxectivo sobre as outras unidades lingüísticas. Podemos dicir que o adxectivo é a forma lingüística caracterizadora por excelencia. Imolo comprobar con algúns exemplos:

Pouco despois, Fuco conoeceu a unha de Monforte, chamada Benita, mui suave e calma, mui doce, mui branca, mui agarimosa, e casou con ela. (“Fuco de Pedrosa”, *O. F.*, p. 371).

Felipe era, e é, alto, fraque, bigotudo, pálido. (“A chaqueta do mouro”, *X. A. e A.*, p. 195).

---

5. “Carta que o Autor mandou ao Dr. Domingo García-Sabell cando ordeaba iste libro”, en A. Cunqueiro, *O.C.*, xa cit., p.152.

Os Liñas todos son altos, garridos, louros, os ollos craros. (“Liñas de Eiris”, *X. A. e A.*, p. 164).

Bouso estaba en Villalba, no feirón, comendo pulpo, e non tivo máis remedio que discutir cun veciño de mesa, que non era do país, alto, fraque, moreno. (“A cachola de Bouso”, *X. A e A.*, p. 179).

Un mes despois, e por consello dun veciño, Gumersinda foi visitar á taberneira de Castro, que era unha muller mui leda, mui branca, carnal, risoña, amiga do anís, moi louzá nos seus corenta anos cumpridos... (“Figueiras de Bouzal”, *X. A. e A.*, p. 186).

Era longo, fraque, mouro, miope, surtido cunha longa narís e grandes brazos, e todo il osudo e nudoso, sob unha pel escura e pilosa. (“Loureiro de Pacios”, *E. M.*, p. 144).

Bertoldo era entón mozo, alto, garrido, boina pequena na cachola pra que se lle visen os rizos, craros ollos ledos, narigudo e pálida a color. (“Bertoldo de Reades”, *X. A. e A.*, p. 285).

A adxectivación conforma maioritariamente estes campos semánticos: a) o físico (alto, fraque, grande, longo, pequeno, carnal, mediano, curto, gordo, miope, osudo, narisudo, piloso, nudoso, escuro, delgado, regordete, redondo, torto, miúdo, espigado...), b) a color (mouro, claro, louro, branco, moreno, azul, roxo, roibo, entreiroibo, colorado, albino, pálido) e do psíquico (garrido, calmo, doce, agarimoso, louzán, ledos, risoño, triste, vivo, metódico, forte...).

## Conclusiones

Chegados aquí cómpre dicir que Cunqueiro, bo observador das xentes do país, o que fai é plasmar con enxeño, arte e sabedoría as características máis comúns do noso pobo nos personaxes literarios. Acercando o literario ó real e o real ó literario Cunqueiro mostra así a súa capacidade de observación e o seu talento creativo. Esta síntese do real e o creativo dá lugar a uns personaxes que por unha banda se acercan ó real inmediato e, por outra, se configuran como seres literarios afastados de calquera inmediatez social ou histórica. Ese “punto” de encontro entre estes dous mundos só se explica pola calidade literaria do autor.

*Xesús Lantes Vitoreira*  
I.B. "Xesús Taboada Chivite"  
Verín